

# NO COW ON THE ICE

[Eloy Domínguez Serén, 2015]

# 143

## OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX: 24.08.2016 | V.O.S.E.

### FICHA TÉCNICA

Ingen ko på isen (2015, 63')

**Dirección:** Eloy Domínguez Serén

**Guión:** Eloy Domínguez Serén

**Participación:** Fathia Mohidin, Harriet Stenis, Eloy Domínguez Serén, José Domínguez Padín, María del Carmen Serén, Araceli Domínguez Serén, Alba Domínguez Serén, Geraldine Mangeni, Javier Rueda, Monica Sand

**Montaxe:** Eloy Domínguez Serén

**Son:** Ricardo Atienza, Niklas Billström, Johanna Byström, Sara Campanella

**Fotografía:** Eloy Domínguez Serén

**Produtora:** Eloy Domínguez Serén

**Distribuidora:** Eloy Domínguez Serén

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.77:1

**Idioma orixinal:** Sueco

### FILMOGRAFÍA

*Rust*, 2016 [curtametraxe]

*Yellow Brick Load*, 2014 [curtametraxe]

*Jet Lag*, 2014

*I Den Nya Himlen / Novo novo*

*céio*, 2014 [curtametraxe]

*Pettring*, 2013 [curtametraxe]

### PREMIOS E FESTIVAIS

Play Doc 2016 (mellor filme),

Filmadrid 2016 (mellor filme –

Pasaxes de Cinema, Xurado ECAM),

L'Alternativa 2015 (mellor guión).

Proxectado nas seccións oficiais

de Visions du Réel 2015, Sevilla

2015, Mar del Plata 2015.

### SINOPSE

Un mozo galego migra a Suecia onde desempeña varios traballos a tempo parcial mentres trata de emprender a súa carreira cinematográfica. A aprendizaxe dun novo idioma e a súa fascinación por unha paisaxe insólita convértense axiña en dous estímulos fundamentais fronte ás dificultades do seu proceso de adaptación no novo país.

«Coa obra de Jonas Mekas como alma mater, *No Cow on the Ice* vaise revelando como unha obra sobre a busca da propia voz, primeiro silenciada (interior e exteriormente) polo desterro e a distancia cultural, e logo achada no diálogo co *outro*.»

Manu Yáñez, OTROS CINES EUROPA



# NO COW ON THE ICE

[Eloy Domínguez Serén, 2015]

## «Todos os meus filmes son, dalgún xeito, ensaios sobre a luz»

**Entrevista a Eloy Domínguez Serén**  
Por Carlos Escolano

**Hai unha escena do filme no que escoitamos o filósofo Emilio Lledó cuestionando o emprego do idioma: «que queres dicir cando dis esta palabra?»** É unha reflexión interesante que fai sobre a capacidade da linguaxe para enganar e manipular. El preguntábase sobre que se quere dicir cando se di algo. Está a falar sobre a maleabilidade do idioma. É a relación oposta á que eu experimento en Suecia, onde teño unha comprensión limitada porque descoñezo o significado de determinadas palabras. Porén, o que apunta Emilio Lledó é que podemos acadar un dominio tal dun idioma que é posíbel enganar a través del. Coñeces tan ben os matices dunha palabra que podes adaptar facilmente os seus significados. Hai un momento no que el di: «o que eu son é palabra». Está a falar de identidade a través do idioma.

**É moi interesante, neste sentido, a secuencia inicial do filme, na que ancoras unha imaxe ao seu termo e pronuncia en sueco, a xeito de dicionario.** Algo que me gusta deste prólogo é que, unha vez en Suecia, a auga deixa de ser *agua* para se converter en *vatten*. Para ninguén máis é *agua*, só para min (ou para os hispanofalantes). Hai unha relación fundamental entre idioma e paisaxe e o filme trata de incidir niso. Ese prólogo é dalgún xeito unha forma de introducir o idioma, de dicir: «isto que se supón que coñecía, xa non é o que eu cría». Isto afecta a túa relación non só co novo mundo, senón tamén co que se deixa atrás, e isto, dalgún xeito, pode ser perturbador. Os códigos que coñecemos non teñen por que servir no novo contexto.

**Pódesnos falar do proceso de escrita deste proxecto, tan dilatado no tempo?** Para min é moi importante manter un rexistro escrito do proceso

de filmación. Cada vez que gravaba, sempre tentaba anotar as sensacións daquel momento preciso nun pequeno caderno de notas. Até o punto de que boa parte dos textos que aparecen no filme son transcricións literais daquelas anotacións. Na fase de montaxe, que se produciu nalgúns casos até dous anos despois de ter gravado as imaxes, existía a tentación de reinterpretar aquelas imaxes ou, cando menos, de adaptalas aos sentimentos do tempo presente. Pero decidín non facelo. É moi difícil e dolorosa esa relación retrospectiva coas túas propias imaxes, que é a túa propia vida.

**O filme ten tamén un importante compoñente pictórico. Hai planos da neve e o xeo, próximos á abstracción, que me fixeron pensar en Rothko ou en Kandinsky. Tamén hai un plano con Fathia que me lembrou a Magdalena de Georges de La Tour.** O compoñente pictórico é moi importante en todos os meus proxectos, sobre todo no que estou a desenvolver nestes momentos no Círculo Polar Ártico, en Noruega. Decateime de que todos os meus filmes son, dalgún xeito, ensaios sobre a luz. A luz é unha parte fundamental da paisaxe mesma e moitas das miñas imaxes son o intento de captar unha luz allea a min, como cidadán de Europa do sur que son. Nunca antes vira unha luz como esa.

**Nun determinado momento do filme, cara á metade, introduces unha fermosa secuencia rodada en Galicia. Un non pode evitar pensar na poesía de Rosalía de Castro, na migración galega.** Decateime de que o proxecto estaba centrándose en *onde estou*, pero non tiña mencionado *de onde veño* e creo que unha situación non se pode comprender sen a outra. Hai certos paralelismos entre unha situación e a outra. Eu amósome no traballo da construción en Suecia e a miña familia traballou sempre na construción. Eu son palabra —como di Emilio Lledó— e son orixe, e a orixe é a miña familia, de Simes, Pontevedra. Por outra banda, a miña situación como emigrante nunca foi dramática, nin tampouco nostálgica. Antes mencionaches que che parece un filme honesto e alégrome moito diso. Oxalá sexa este un filme honesto. É, cando menos, o que tentei.

Publicado en <http://cinentransit.com/>  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

### OS LIBROS DE ELOY DOMÍNGUEZ SERÉN

*Ningún lugar adonde ir*, Jonas Mekas. Caja Negra, 2008  
*Ébano*, Ryszard Kapuściński. Anagrama, 2000  
*Pedro Páramo*, Juan Rulfo. Cátedra, 2004  
*Esculpir el tiempo*, Andrei Tarkovski. Rialp, 1996  
*Notas sobre el cinematógrafo*, Robert Bresson. Árdora, 2015  
*Hojas de hierba*, Walt Whitman. Austral, 2014  
*Hambre*, Knut Hamsun. Ediciones de la Torre, 2016  
*Suite francesa*, Irène Némirovsky. Salamandra, 2005  
*Os dous de sempre*, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Galaxia, 2015  
*Historias de emigrantes*, Xosé Neira Vilas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME